

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

En cumprimento do disposto na Resolución do 13 de xaneiro de 2022, da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro), e do establecido no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o día 26 de xaneiro de 2022 no salón de actos número 2 (pequeno) da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, edificio administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela, tivo lugar o sorteo a que alude a citada resolución.

Conforme o seu resultado, a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección para o ingreso na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2022 comezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra «T».

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2022

O conselleiro de Facenda e Administración Pública  
P.D. (Orde do 8.1.2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)  
José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

